

Primeiras Xornadas do Patrimonio Cultural Inmaterial no Bierzo  
Teatro Villafranquino Enrique Gil y Carrasco, Biblioteca Municipal de Villafranca del Bierzo

22-24 de outubro de 2021

**Declaración Final**

As asociacións e comunidades portadoras participantes nas Primeiras Xornadas do Patrimonio Cultural Inmaterial no Bierzo, celebradas en Vilafranca do Bierzo do 22 ao 24 de outubro de 2021,

1. Agradecendo a charla inaugural o venres do 22 de outubro do gran enólogo Raúl Pérez, e as palabras de benvida do alcalde de Vilafranca do Bierzo, José Manuel Pereira, e da Presidenta do Instituto de Estudos Bercianos, Patricia Pérez Bruzos, organizadores das Xornadas;
2. Agradecendo igualmente a participación na inauguración de numerosas autoridades, en especial a Camilo Vázquez Bello, Director de Gabinete del Presidente de la Junta de Castilla y León, a Amelia Biaín, Jefa del Servicio Territorial de Cultura de la Junta de Castilla y León en León, ao Presidente do Consejo Comarcal do Bierzo Gerardo Álvarez Courel, ao Alcalde e Deputado de Fomento da Diputación de León Luis Alberto Arias González, e a Olga Verde Vieitez Presidenta da Asociación Bierzo Enoturismo;
3. Considerando a importancia da salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial como recurso esencial do desenvolvemento social e económico da Comarca;
4. Recordando que en 2006 España ratificou a Convención da UNESCO de 2003 sobre a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial, de obrigado cumprimento en España, a Ley estatal 10/2015, de 26 de maio, para a Salvaguardia del Patrimonio Cultural Inmaterial; a lei autonómica de Patrimonio Cultural actualmente en proceso de actualización, e o Estatuto de Autonomía de Castilla y León que recoñece ao Bierzo como unha comarca particular dentro da Comunidade;
5. Valorando positivamente as iniciativas tomadas ata o día de hoxe pola Consejería de Cultura de la Junta de Castilla y León, entidade responsable do patrimonio cultural en Castilla y León, ao igual que aquelas tomadas por outras entidades locais;
6. Constatando que, a pesar dos esforzos e en comparación con outras comunidades autónomas, Castilla y León non ten aínda os medios normativos e programáticos adecuados para a salvagarda eficiente deste patrimonio e que, por esta mesma razón, a Comunidade ve limitada a súa capacidade de participación noutros foros nacionais e internacionais;
7. Subliñando os esforzos realizados nos últimos trinta anos polas asociacións locais e grupos portadores para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial, a quen se debe, en boa medida, a súa existencia actual como recurso social e económico;
8. Lamentando que, nas últimas décadas, a recreación e transmisión deste patrimonio se limitou por diversas causas, conlevando unha redución de bens e manifestacións e, por tanto, de coñecementos, usos e técnicas, incluídas as dos oficios, de alto valor económico e social;
9. Lamentando igualmente que, mentres certas manifestacións deste patrimonio, como a cultura do viño, disfrutaban nestes momentos dun interese renovado que facilita a súa viabilidade – a

súa transmisión e recreación continúa-, a salvaguarda en xeral no Bierzo deste patrimonio pode verse ameazada pola ruptura das cadeas de transmisión, a folclorización de actividades alleas a este patrimonio, a fosilización de certas manifestacións que xa non reflicten o seu valor contemporáneo, a falta de estruturas axustadas ás presións turísticas, ou as intervencións radicais (e non reguladas) no territorio, tal como o establecemento de aeroxeneradores e as redes eléctricas de conexión cara as subestacións;

#### DECLARAN:

10. Que a salvaguarda deste tipo de patrimonio debe de facerse nun marco programático axeitado, determinado pola normativa internacional e nacional, ademais da autonómica;
11. Que é necesaria así a súa identificación e definición en colaboración coas comunidades portadoras para a confección de inventarios deste patrimonio presente nun territorio;
12. Que os inventarios non son un fin en si mesmos, senón que deben servir como base para o desenvolvemento de medidas de salvaguarda, de acordo coas prioridades de intervención reflectidas nos mesmos;
13. Que o valor deste patrimonio como recurso social e económico determínanas as comunidades portadoras que o recoñecen hoxe como parte do seu patrimonio cultural;
14. Que a investigación, documentación e arquivo serven de referentes para facilitar a toma de medidas de salvaguarda e, no seu caso, cuando sexa pertinente, revitalizar un patrimonio desaparecido;
15. Que brindan o seu apoio aos esforzos nacionais, autonómicos e comarcais no desenvolvemento de programas e aplicación da normativa pertinente; e

#### SOLICITAN:

16. Ao concello de Vilafranca do Bierzo, establecer unha axenda e unha mesa de traballo en Vilafranca, para ir dando saída ás iniciativas que se expuxeron nestas xornadas, para lograr que este borrador se converta nun plan anual, en colaboración coas asociacións Escola de Gaitas e Cultura 54, e todas as demais interesadas, que xa traballaron conxuntamente en preparar unha proposta ao concello con dúas iniciativas: a confección dun inventario municipal e a creación dun Centro do Patrimonio Vivo;
17. Aos municipios do Bierzo, que promovan a necesidade de salvaguardar este patrimonio inmaterial nas súas localidades, e que establezan liñas orzamentarias para este fin;
18. Ás autoridades comarcais e locais, a fortalecer o uso das falas, aí onde corresponda, como vehículo esencial de transmisión de certas manifestacións do patrimonio cultural inmaterial, e respectar e recuperar a toponimia local;
19. Ás entidades comarcais responsables da salvaguarda deste patrimonio, especialmente ao IEB como instituto cultural de referencia no Bierzo, ao Consello Comarcal como única entidade con competencias administrativas na totalidade da Comarca, aos municipios do Bierzo responsables delegados da salvaguarda do patrimonio cultural nos seus respectivos territorios, co apoio dos entes provinciais, autonómicos e nacionais, a facilitar, con reforzo profesional e económico, as actividades emprendidas polas comunidades portadoras e asociacións locais a favor da salvaguarda deste patrimonio.

20. Á Confederación Hidrográfica Miño-Sil que teña especial sensibilidade cos usos e costumes arredor dos ríos e regatos á hora de acometer intervencións nas súas canles naturais e ribeiras; de maneira que o río, como espazo cultural necesario para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial da súa contorna, se integre plenamente plenamente nas súas políticas de xestión en cooperación coas asociacións e entidades administrativas comarcais;
21. Ao Consello Comarcal, en cooperación co IEB e as demais entidades locais, desenvolver unha liña orzamentaria de acción que permita, entre outros, realizar mapas do territorio, máis aló do Banco de Terras, que permita non só identificar as diferentes parcelas, senón tamén determinar os lugares nos que se dean as manifestacións do patrimonio inmaterial, de forma complementaria ao inventario comarcal e unido a este;
22. Ao Instituto Leonés de Cultura dependente da Diputación Provincial, identificar igualmente unha liña orzamentaria para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial do Bierzo e a elaboración de inventarios, en estreita colaboración coa Junta e demais administracións;
23. Á Junta de Castilla y León,
  - a. a aprobación dun marco normativo e programático que reflicta as leis e programas internacionais e nacionais adaptadas ao contexto autonómico, ademais dunha estratexia a medio prazo que guíe as actuacións comarcais e que permita unha coherencia na recompilación de datos;
  - b. asignar unha partida orzamentaria específica para a salvagarda do PCI, así como a publicación do Censo de Castilla y León onde poidan incorporarse os bens inventariados a nivel local e comarcal;
24. Ao IEB
  - a. que, en cooperación co Consello Comarcal do Bierzo, os concellos, a Universidade de León, o Centro Asociado da UNED en Ponferrada, e as asociacións especializadas como O Filandón Berciano, a confeccionar un inventario (dixital) deste patrimonio no Bierzo de acordo á nova normativa internacional e nacional, que terá que ser actualizado periodicamente, baseado en inventarios parciais municipais, a medida que se vaian elaborando;
  - b. desenvolver un plan de comunicación e de difusión sobre a importancia de salvagardar este patrimonio no Bierzo, e a identificación dunha liña orzamentaria que o financie;
  - c. desenvolver, sobre a base dos debates destas xornadas, un Plan de Acción Preliminar que inclúa, ao menos, e na medida do posible, as actividades seguintes:
    - i. facilitar, a través da súa páxina web, un acceso público a todas as actividades que se vaian realizando neste campo,
    - ii. propoñer actividades en distintos municipios, xunto aos concellos, que permitan continuar o debate sobre o concepto de patrimonio cultural inmaterial e o seu valor como recurso de desenvolvemento social e de rexeneración económica, prestando atención, ademais ao patrimonio de comunidades instaladas recentemente na Comarca;
    - iii. preparar e executar, xunto ao Consello Comarcal, o Instituto Leonés de Cultura, as institucións académicas presentes no territorio e as asociacións académicas especializadas, a proposta das comunidades portadoras e as asociacións e entidades locais, as actividades que estas propoñan para a salvagarda do seu patrimonio;
    - iv. elaborar unha estratexia comarcal integral de salvagarda do patrimonio cultural inmaterial, en estreita colaboración coa Reserva da Biosfera dos Ancares Leoneses (RBALE, e as entidades xerentes dos sitios de Patrimonio Mundial (Médulas e Camiño de Santiago).

- v. Incluir nos inventarios municipais os produtos máis característicos da gastronomía berciana e os coñecementos, técnicas e usos que se levan a cabo, en cada lugar, para a súa elaboración, así como os rituais, usos sociais e festividades asociadas a eles;
- vi. Recuperar os saberes tradicionais e receitas de elaboración de certos produtos gastronómicos, para o seu procesamento e distribución como produtos de orixe Bierzo, que contribúan ao desenvolvemento de industrias relacionadas co coñecemento da terra;
- vii. Achegar á sociedade, especialmente aos mozos, tanto da nosa terra como doutros lugares, mediante actividades didáctico-prácticas, ás principais manifestacións do noso PCI, de forma que se convertan en portadores e transmisores do mesmo;
- viii. Promocionar vencellos máis profundos coa terra e a produción local, especialmente a través de programas educativos formais e non formais, atraendo a persoas interesadas que queiran adquirir eses coñecementos e contribuír a longo prazo.